

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

19349 *REAL DECRETO 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas. («BOE» 289, do 1-12-2008.)*

O Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, establece disposicións específicas con respecto ao sector das froitas e hortalizas, modifica algúns aspectos das directivas 2001/112/CE e 2001/113/CE e os regulamentos (CEE) n.º 827/68, (CE) n.º 2200/96, (CE) n.º 2201/96, (CE) n.º 2826/2000, (CE) n.º 1682/03 e (CE) n.º 318/2006 e derroga o Regulamento (CE) n.º 2202/96.

O Regulamento (CE) n.º 1580/2007, da Comisión, do 21 de decembro, establece disposicións de aplicación dos regulamentos (CE) n.º 2200/1996, (CE) n.º 2201/96 e (CE) n.º 1182/2007, do Consello, no sector de froitas e hortalizas.

Cos dous regulamentos citados modifícanse diversos aspectos da normativa comunitaria aplicable a recoñecementos de organizacións de produtores, ademais de lles encomendar aos Estados membros o desenvolvemento dalgúns deles. En consecuencia, procede a adopción dunha norma de aplicación a nivel nacional para adecuar a actualmente en vigor.

En particular, é conveniente autorizar que persoas físicas ou xurídicas que non sexan produtores de froitas e hortalizas poidan ser membros dunha organización de produtores aínda que asegurando o seu control polos produtores.

Co fin de garantir a correcta execución das actividades das organizacións de produtores en canto a duración e en termos de eficacia da concentración da oferta, considérase oportuno establecer, con carácter xeral, categorías de produtos entre as que a organización de produtores deberá elixir para o seu recoñecemento. Porén, considérase conveniente prever organizacións específicas para produtos cun baixo nivel de asociacionismo.

É preciso establecer un sistema para garantir que as organizacións de produtores de transformados entreguen os seus produtos á transformación de acordo con compromisos dos socios no recoñecemento e a contratos de subministración no mantemento deste.

Os mínimos de socios e volume comercializado que deben reunir as organizacións de produtores deben permitir que se facilite o acceso dos produtores a estas organizacións e que, pola súa vez, estas reúnan uns mínimos que garantan a posta á disposición dos membros dos medios necesarios para cumprir os seus obxectivos.

Necesítase regular a asignación de voto nas entidades que desexen recoñecerse como organizacións de produtores para evitar abuso de poder ou influencia dun ou varios membros na xestión e funcionamento da organización de produtores.

Ante a posibilidade de que a organización de produtores non dispoña de medios propios para levar a cabo as súas funcións, é conveniente definir os termos en que os

seus propios membros, as súas filiais ou servizos externos os poidan achegar.

É conveniente definir cuantitativamente a significatividade das instalacións dos membros ou da actividade correspondente para que a sede social dunha organización de produtores transnacional se poida instalar en España. Así mesmo, é conveniente designar a autoridade competente que debe levar a cabo a colaboración administrativa entre distintos Estados membros para recoñecemento e seguimento destas organizacións.

Tamén é necesario concretar o procedemento e as condicións para que se poida recoñecer unha asociación de organizacións de produtores, as actividades que poderán desenvolver estas asociacións, a posibilidade de integrar socios non recoñecidos como organizacións de produtores e o tratamento das asociacións transnacionais.

É necesario regular as datas e os formatos en que é preciso transmitir á Comisión Europea determinadas informacións, partindo das que proporcionan as organizacións de produtores e as comunidades autónomas.

Este real decreto constitúe normativa básica, sen que se opoña a iso o feito de que a materia se regule por norma regulamentaria, pois, seguindo a doutrina do Tribunal Constitucional, cando se trate de medidas de carácter conxuntural, como é o caso presente, ademais, de índole evidentemente técnica, queda xustificada o uso de norma infralegal.

Finalmente, e para os efectos estatísticos e de elaboración de informes e comunicacións á Comisión Europea é preciso manter o rexistro nacional de organizacións de produtores e das súas asociacións para o que é necesario regular a información que deben proporcionar estas entidades.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008,

DISPONGO:

CAPÍTULO PRELIMINAR

Obxecto

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable ao recoñecemento das organizacións de produtores de froitas e hortalizas e das asociacións de organizacións de produtores, en desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro de 2007, polo que se establecen disposicións específicas con respecto ao sector das froitas e hortalizas, se modifican as directivas 2001/112/CE e 2001/113/CE e os regulamentos (CEE) n.º 827/68, (CE) n.º 2200/96, (CE) n.º 2201/96, (CE) n.º 2826/2000, (CE) n.º 1782/03 e (CE) n.º 318/06 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2202/96, e en aplicación do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos (CE) n.º 2200/96, (CE) n.º 2201/96 e

(CE) n.º 1182/2007 do Consello, no sector das froitas e hortalizas.

CAPÍTULO I

Recoñecemento de organizacións de produtores

Artigo 2. *Requisitos e órgano competente para o recoñecemento.*

1. Poderán ser recoñecidas como organizacións de produtores de froitas e hortalizas todas aquelas entidades con personalidade xurídica que o soliciten e reúnan os requisitos establecidos no capítulo I do título III do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro de 2007, no capítulo I do título III do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, e neste real decreto.

2. No caso das sociedades mercantís, as accións ou participacións serán nominativas e os socios terán necesariamente a condición de produtores de froitas e hortalizas. Estas sociedades levarán un libro de rexistro de accións ou participacións, que permita acreditar en calquera momento o número de socios, así como a súa participación no capital social e os seus dereitos de voto.

3. A solicitude de recoñecemento, acompañada da documentación que se especifica no anexo III deste real decreto, presentase nos lugares que determinen as comunidades autónomas. En todo caso poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O recoñecemento das organizacións de produtores de froitas e hortalizas correspóndelle ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a sede social da entidade solicitante, a quen tamén corresponderá a competencia para levar a cabo os controis sobre o terreo establecidos no Regulamento (CE) n.º 1580/2007, sen prexuízo da solicitude de cooperación interadministrativa con outras administracións cando for necesario.

Artigo 3. *Inclusión de socios non produtores.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 2 anterior, poderán admitirse como membros dunha organización de produtores os non produtores integrados en cooperativas e sociedades agrarias de transformación, no sucesivo «SAT».

2. En caso de que existan socios non produtores de produtos pertencentes ás categorías de recoñecemento ou produtores que non desexen participar na actividade da organización de produtores, e tales socios dispoñan de máis do 24 por cento dos votos na toma de decisións, a entidade deberá agrupar os produtores que vaian participar na actividade da organización nunha sección ou grupo de produtores cuxo funcionamento quedará regulado nos estatutos correspondentes.

3. Os estatutos da entidade deberán recoller que as decisións relativas á solicitude de recoñecemento como organización de produtores, ao funcionamento e actuacións como organización de produtores, especialmente en canto á presentación e execución de programas operativos e de constitución de fondos operativos, serán directamente adoptadas pola asemblea da sección vinculada á organización de produtores.

4. A entidade levará un rexistro dos socios produtores, así como dos seus dereitos de voto.

Artigo 4. *Categorías de recoñecemento.*

1. As entidades que desexen obter o recoñecemento como organización de produtores comunicarán a categoría ou as categorías para as que solicitan ser recoñecidas de

acordo coa clasificación que se recolle a continuación e cuxa descrición se reflicte no anexo I:

- i) Froitas e hortalizas.
- ii) Froitas.
- iii) Hortalizas.
- iv) Produtos destinados á transformación.
- v) Cítricos.
- vi) Froitos de casca.
- vii) Cogomelos.
- viii) Aromáticas e condimentos.
- ix) Uva de mesa.
- x) Melón.
- xi) Cebola.

2. A documentación de recoñecemento das entidades que soliciten recoñecerse para a categoría iv) «Produtos destinados á transformación» deberá conter o compromiso de entrega mínima dos seus socios de maneira que se garanta a facturación mínima establecida no anexo II. O mantemento do recoñecemento e os seus efectos para esa categoría iv) estarán condicionados a que as cantidades dos produtos entregados á transformación, que xustifiquen o valor mínimo da produción comercializada, estean amparados polos correspondentes contratos entre organización de produtores e transformador ou por compromisos de entrega, en caso de que as empresas transformadoras sexan organizacións de produtores.

3. No caso de que un produtor pertenza a distintas organizacións de produtores para distintos produtos, será obrigatoria a entrega total de cada produto para o que se encontre adherido á organización de produtores.

Artigo 5. *Número mínimo de membros e valor da produción comercializable.*

1. As entidades deberán agrupar un mínimo de socios produtores e de valor da produción comercializable, tal como se recolle no anexo II para as distintas categorías de recoñecemento.

2. No caso de que o solicitante do recoñecemento estea constituído, total ou parcialmente, por membros que, pola súa vez, son entidades xurídicas compostas por produtores, o número de produtores poderase calcular sobre a base do número de produtores asociados de cada unha das entidades xurídicas.

3. Para os efectos da contabilización do número de socios, e en aplicación do número 3 do artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, non se considerarán os membros non produtores de froitas e hortalizas.

4. O valor da produción comercializable xustificarse da seguinte maneira:

a) As entidades que leven funcionando un tempo que abranza tres períodos anuais contables remitirán o valor da produción comercializable de cada un deses períodos dos produtos obxecto de recoñecemento do conxunto dos socios. O valor da produción comercializable calcularase segundo se especifica nos artigos 52 e 53 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

En caso de que a entidade tivese incremento de asociados nalgún deses períodos, ou incremento de parcelas dalgún dos socios, e non se dispoña de forma fidedigna da facturación correspondente á produción desas parcelas, o valor da facturación para efectos do cálculo de mínimos realizarase engadindo ao valor das vendas xustificadas con facturas o valor das vendas da produción das parcelas das que non se dispoña de facturas, calculado da seguinte forma:

1.º A extensión de superficie incrementada cada ano multiplicarase pola produción media da zona de produción do produto colleitado, e a produción así obtida

haberá que a multiplicar polos prezos obtidos pola organización nos produtos comercializados por ela ou polos prezos medios na saída de almacén da zona, en caso de que non exista referencia daqueles.

2.º Tanto os prezos medios como os rendementos medios deberán ser certificados polo organismo competente da comunidade autónoma onde se encontren as parcelas.

b) Para as entidades que non leven funcionando un tempo que abrangue tres períodos anuais contables, a facturación dos anos anteriores á súa constitución será calculada aplicando á superficie dos socios actuais os rendementos e prezos medios obtidos cos criterios do número 4.a) anterior.

Artigo 6. *Estructuras e actividades das organizacións de produtores.*

1. A entidade deberá dispor dos medios materiais e humanos necesarios para levar a cabo, polo menos, as funcións recollidas no artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

2. En caso de comercialización de produtos con destino a industria ou que non requiran cumprimento de normas de comercialización, os medios mínimos de que disporá parte da entidade a recoñecer como organización de produtores serán os necesarios para levar a cabo as funcións recollidas nas letras a), c) e d) do artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

3. De acordo co artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, e do artigo 29 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, as operacións sinaladas nos dous parágrafos anteriores poderán ser obxecto de contratación con outra entidade, incluído un dos seus socios ou unha filial. Os contratos que se establezan deberán regular, polo menos, os aspectos seguintes:

- a) Identificación das partes.
- b) Servizos que se contratan. En caso de que se contraten os servizos detallados no artigo 25, letra b) do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, a entidade deberá presentar o procedemento mediante o cal se identifican os produtos da organización de produtores ao longo das funcións contratadas.
- c) Duración do contrato, que non será inferior a 3 anos.
- d) Importe dos servizos contratados e forma de pagamento.
- e) Inscrición dos contratos en rexistro oficial ou xustificación do pagamento dos dereitos de transmisións patrimoniais ou actos xurídicos documentados.

As condicións descritas non serán exixibles cando se trate de contratos para resolver situacións conxunturais que demanden unha dotación de medios superior á xa existente.

Artigo 7. *Período mínimo de adhesión.*

1. Os socios da entidade deberanse adherir á organización de produtores durante un mínimo de tres anos e comunicar por escrito, en caso de que se desexe causar baixa, a renuncia á calidade de membro. A organización de produtores establecerá o prazo de aviso previo, dunha duración máxima de seis meses, e a data de efecto da renuncia, con criterios xerais que eviten discriminacións entre asociados e entre produtos.

2. En caso de presentación dun programa operativo conforme o Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro e ao Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, ningún membro se poderá descargar das súas obrigas derivadas dese programa mentres dure a súa aplicación, salvo autorización concedida pola organización de produtores.

Artigo 8. *Porcentaxe de vendas directas.*

A porcentaxe da produción dos socios que estes poderán vender aos consumidores para satisfacer as súas necesidades persoais, directamente nas súas explotacións ou por fóra delas, será do 10 por cento do volume de cada un dos seus produtos.

Artigo 9. *Control democrático das organizacións de produtores.*

1. En caso de que a organización de produtores adopte a forma xurídica de cooperativa ou SAT, o poder de decisión axustarase ás condicións previstas na normativa reguladora das ditas formas xurídicas.

2. En caso de que a organización de produtores adopte outra forma xurídica, ningún socio poderá dispor de máis do 34 por cento do total dos dereitos de voto da organización. Esta limitación deberá constar no seu regulamento de réxime interno outorgado en escritura pública e previsto estatutariamente.

3. A suma dos dereitos de voto que corresponda ás persoas xurídicas socias da organización, nas cales unha persoa física dispoña de máis do 50 por cento do poder de decisión, máis os dereitos de voto da citada persoa física como socio individual, non poderá superar as porcentaxes establecidas nos números 1 e 2.

Para poder comprobar o cumprimento desta obriga, a entidade deberá presentar a documentación que acredite a distribución dos dereitos de voto de todas as entidades xurídicas implicadas na sociedade.

Artigo 10. *Retirada do recoñecemento.*

Mediante resolución da autoridade competente, o recoñecemento declararase extinguido nos seguintes casos:

a) Por solicitude da entidade, sen prexuízo do cumprimento das obrigas e compromisos derivados da súa condición de organización de produtores, e das responsabilidades que puidesen derivar como consecuencia das actuacións levadas a cabo durante o período en que a entidade posuía o recoñecemento.

b) Cando se detecte o incumprimento dos criterios do recoñecemento, tal como se recolle no artigo 116 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, ou cando se presenten as circunstancias recollidas no seu artigo 117, sen prexuízo da aplicación do resto das medidas adicionais previstas neses artigos.

Artigo 11. *Controis sobre o terreo en organizacións de produtores sen programa operativo.*

En caso de organizacións de produtores cuxas condicións de recoñecemento non sexan inspeccionadas en virtude do artigo 108 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, serán controladas sobre o terreo polo menos unha vez cada cinco anos.

Artigo 12. *Recoñecemento de organizacións transnacionais.*

1. O recoñecemento das organizacións transnacionais de produtores de froitas e hortalizas realizaraa a autoridade competente da comunidade autónoma onde radique a sede social da entidade.

2. Para que a autoridade competente a que se refire o número 1 anterior poida recoñecer como organización de produtores de froitas e hortalizas unha entidade con efectivos produtivos noutros Estados membros, esa entidade deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter a súa sede social en España.
- b) Que, polo menos, o 50 por cento dos efectivos produtivos da entidade, medidos en hectáreas, estean

situados en territorio español. Para efectos de contabilización dos efectivos produtivos, entenderase que unha hectárea de cultivo protexido equivale a tres hectáreas de regadío ao aire libre e unha hectárea de regadío ao aire libre a tres hectáreas de secano.

c) Que a entidade dispoña, de ser o caso, de instalacións de acondicionamento dos produtos en territorio español, ao menos para a manipulación das cantidades producidas en España.

d) Dispoña dunha contabilidade centralizada e un sistema de facturación para a totalidade das operacións realizadas pola organización.

3. Deberá presentar a documentación descrita no artigo 5 anterior para a totalidade dos socios da organización. No caso da relación informatizada a que se refire o número 5 do anexo III, e para os socios con efectivos produtivos noutros Estados membros, deberase xuntar unha certificación das autoridades competentes deses Estados garantindo tal información, así como a non pertenza a outra organización de produtores do mesmo Estado membro para o mesmo produto. Igualmente deberá ser certificada polo Estado membro onde, de ser o caso, estean situadas, a información sobre as instalacións de recepción, clasificación, almacenamento e acondicionamento que se vaian utilizar para o funcionamento da organización.

4. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá con outros Estados membros a colaboración administrativa a que se refire a letra c) do número 2 do artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, necesaria para asegurar o intercambio de información que garanta nas organizacións de produtores transnacionais o cumprimento das condicións de recoñecemento e funcionamento así como a realización dos controis establecidos pola normativa comunitaria.

En caso de que en tales acordos se exixan acreditacións de datos de socios ou de parcelas por parte das autoridades españolas, estas serán emitidas polas comunidades autónomas correspondentes. Se un Estado membro solicita acreditacións de non pertenza de socios ou parcelas a organizacións situadas en territorio español, estas deberán ser emitidas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño de acordo cos datos dispoñibles no Rexistro de organizacións de produtores establecido no artigo 17.

CAPÍTULO II

Recoñecemento de asociacións de organizacións de produtores

Artigo 13. *Asociacións de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

1. Poderán ser recoñecidas como asociacións de organizacións de produtores de froitas e hortalizas todas aquelas entidades con personalidade xurídica propia, constituídas por organizacións de produtores de froitas e hortalizas recoñecidas conforme o artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, que así o soliciten da autoridade competente.

2. Non obstante, poderanse admitir como membros dunha asociación de organizacións de produtores persoas físicas ou xurídicas que non estean recoñecidas como organizacións de produtores, sempre que as participacións ou accións das recoñecidas como organizacións de produtores ou como asociacións de organizacións de produtores para distinta actividade ou produto representen máis do 50 por cento do total e que se respecten as condicións recollidas nos artigos 35 e 36.2. do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, así como as establecidas nesta disposición.

3. En caso de que existan socios non recoñecidos como organizacións de produtores de produtos para os que a asociación, de ser o caso, estea recoñecida, e que tales socios dispoñan de máis do 24 por cento dos votos na toma de decisións, a asociación deberá agrupar as organizacións recoñecidas nunha sección ou grupo de asociados cuxo funcionamento quedará regulado nos estatutos correspondentes. A asociación levará un rexistro desas organizacións de produtores que permita a súa identificación en calquera momento, así como os seus dereitos de voto.

4. En caso de aplicación do número anterior, os estatutos da entidade deberán recoller que as decisións relativas á solicitude de recoñecemento como asociación de organizacións de produtores, ao funcionamento e actuacións como asociación de organizacións de produtores no marco do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro e do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, especialmente en canto á presentación e execución de programas operativos parciais, serán directamente adoptadas pola asemblea da sección vinculada á asociación.

5. A obriga de constitución da sección ou grupo de asociados prevista no número 3 deste artigo e as obrigas derivadas dela poderase substituír polo establecemento dun regulamento de réxime interior, outorgado en escritura pública e previsto estatutariamente, en que se especifique que os dereitos de voto dos membros non recoñecidos como organizacións de produtores non poderán superar o 24 por cento para todas aquelas decisións relacionadas coa Organización Común de Mercados que afecten a asociación de organizacións de produtores, salvo para aquelas decisións en que o voto estea regulado na regulamentación comunitaria.

Artigo 14. *Actividades para as que se poderán recoñecer as asociacións de organizacións de produtores.*

1. As asociacións de organizacións de produtores especificarán na súa solicitude de recoñecemento os produtos, de entre os correspondentes ás súas organizacións de produtores, e as actividades para as que se queren recoñecer de entre, polo menos, unha das seguintes:

a) Adopción entre os seus asociados de normas comúns de coñecemento da produción.

b) Adopción entre os seus asociados de normas comúns de produción.

c) Adopción entre os seus asociados de normas comúns de comercialización.

d) Adopción entre os seus asociados de normas comúns de protección do ambiente, particularmente en canto ao emprego de prácticas de cultivo, técnicas de produción e prácticas de xestión dos residuos respectuosas co ambiente, en especial para protexer a calidade das augas do solo e da paisaxe e para potenciar a biodiversidade.

e) Realización de accións de medidas de prevención e de xestión de crise, tal como están definidas no Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro e no Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

f) Realización de medidas de promoción dos produtos.

g) Presentar solicitudes de extensión das normas adoptadas previamente polos seus socios. Deberá quedar especificado o produto ou produtos obxecto desa extensión, así como a circunscripción económica onde se vai aplicar.

h) A realización das funcións de recepción, clasificación, almacenamento e acondicionamento de todo ou parte da produción das organizacións asociadas, ou a xestión comercial de todo ou parte da produción das organizacións asociadas.

i) A valorización das producións mediante a transformación.

j) Outras actividades dirixidas á consecución de obxectivos das organizacións de produtores asociadas recollidos nos seus estatutos.

As asociacións de organizacións de produtores poderán realizar as actividades mencionadas a través de programas operativos parciais ou mediante outras vías compatibles coa lexislación comunitaria.

2. As entidades a que se refire o artigo 13.1 remitirán unha solicitude de recoñecemento como asociación de organizacións de produtores á autoridade competente, acompañada da documentación que se recolle no anexo IV.

Artigo 15. *Recoñecemento de asociacións.*

1. O recoñecemento das asociacións de organizacións de produtores de froitas e hortalizas corresponderá á autoridade competente da comunidade autónoma onde radique a sede social da entidade.

2. Mediante resolución da autoridade competente, o recoñecemento declararase extinguido nos seguintes casos:

a) Por solicitude da entidade, sen prexuízo do cumprimento das obrigas e compromisos derivados da súa condición de asociación de organizacións de produtores, e das responsabilidades que puidesen derivar como consecuencia das actuacións levadas a cabo durante o período en que a entidade posuía o recoñecemento.

b) Cando se detecte o incumprimento dos criterios do recoñecemento, tal como se recolle no artigo 116 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, ou cando se presenten as circunstancias recollidas no seu artigo 117 sen prexuízo da aplicación do resto das medidas adicionais previstas en tales artigos.

3. En todo caso, no recoñecemento de asociacións de organizacións de produtores deberase ter en conta o establecido no artigo 28 números 2 e 3 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007.

Artigo 16. *Recoñecemento das asociacións transnacionais de organizacións de produtores.*

1. O recoñecemento das asociacións transnacionais de organizacións de produtores de froitas e hortalizas corresponderalle á autoridade competente da comunidade autónoma onde radique o domicilio social da entidade.

2. Para que a autoridade competente poida recoñecer como asociación transnacional de organizacións de produtores de froitas e hortalizas unha entidade con socios noutros Estados membros, esta entidade deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter a súa sede social en España.

b) Que máis do 50 por cento das organizacións de produtores asociadas e máis do 50 por cento dos efectivos produtivos do conxunto das organizacións asociadas estean situados en territorio español. Para efectos de contabilización dos efectivos produtivos, entenderase que unha hectárea de cultivo protexido equivale a tres hectáreas de regadío ao aire libre e unha hectárea de regadío ao aire libre a tres hectáreas de secaño.

c) Dispor dunha contabilidade centralizada para a totalidade das operacións realizadas pola asociación.

3. A asociación transnacional deberá presentar a documentación descrita no artigo 14 anterior. No caso da relación a que se refire o número 6 do anexo IV, e para as organizacións con sede noutros Estados membros, a información deberá ser certificada pola súa autoridade competente, ao igual que a non pertenza a outra asociación do propio Estado ou doutro Estado membro, a que se refire a letra b) do número 3 do mesmo anexo.

4. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá con outros Estados membros a colabo-

ración administrativa a que se refire a letra c) do número 2 do artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, necesaria para asegurar o intercambio de información que garanta nas asociacións de organizacións de produtores transnacionais o cumprimento das condicións de recoñecemento e funcionamento así como a realización dos controis establecidos pola normativa comunitaria.

En caso de que nesos acordos se exixan acreditacións de datos de socios ou de parcelas por parte das autoridades españolas, estas serán emitidas polas comunidades autónomas correspondentes. Se un Estado membro lle solicita acreditacións de non pertenza de organizacións situadas en territorio español a outra asociación con domicilio en territorio nacional, estas serán emitidas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

CAPÍTULO III

Rexistro de entidades e comunicacións

Artigo 17. *Rexistro nacional de organizacións e agrupacións de produtores de froitas e hortalizas e de asociacións de organizacións de produtores.*

1. Para efectos estatísticos e de elaboración de informes e comunicacións para a Comisión Europea, no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño existirá un Rexistro nacional de organizacións de produtores de froitas e hortalizas no cal se inscribirán as organizacións e as agrupacións de produtores así como as asociacións de organizacións recoñecidas de acordo cos regulamentos comunitarios.

2. Para tal efecto, cada vez que se recoñeza unha entidade como organización de produtores de froitas e hortalizas, a autoridade competente da comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a seguinte información:

a) Resolución de recoñecemento.

b) Denominación, domicilio social, natureza xurídica e código de identificación fiscal.

c) Ámbito xeográfico de actuación.

d) Categoría de produtos para a que se encontra recoñecida.

e) Relación de socios e efectivos produtivos como se especifica no número 5 do anexo III, a través da aplicación informática desenvolvida polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e que estará dispoñible na súa páxina da internet.

f) Relación e cargos dos compoñentes dos órganos de goberno e, de ser o caso, do órgano xestor.

As organizacións de produtores recoñecidas deberán comunicar á autoridade competente da comunidade autónoma os cambios que se produzan na información recollida no parágrafo anterior.

Igualmente, a autoridade competente da comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño as modificacións que se produzan nos datos das organizacións de produtores que recoñecen, así como as decisións que se adopten sobre a suspensión do recoñecemento e a disolución da organización de produtores.

3. O Rexistro de organizacións de produtores de froitas e hortalizas terá carácter público, salvo o referente á letra e) anterior.

4. No rexistro deberán constar as asociacións de organizacións de produtores recoñecidas e aquelas ás que se lles suspendese ou retirase o recoñecemento, xunto cos seguintes datos:

a) Nome da asociación, razón social e número de identificación fiscal.

- b) Funcións da asociación de organizacións de produtores e, de ser o caso, produtos a que afecta.
- c) Relación de organizacións de produtores asociadas.
- d) Relación doutros membros que non sexan organizacións de produtores.
- e) Produto e circunscrición económica no caso de que o obxectivo da asociación sexa a extensión de normas.

As asociacións de organizacións de produtores deberán comunicar á autoridade competente da comunidade autónoma os cambios que se produzan na información recollida no número anterior.

Igualmente, a autoridade competente da comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño as modificacións que se produzan nos datos das asociacións baixo a súa competencia, así como as decisións que se adopten sobre a suspensión do recoñecemento e a disolución da asociación.

5. Os datos do rexistro estarán á disposición das autoridades competentes.

Artigo 18. *Comunicacións das organizacións, agrupacións e asociacións de organizacións de produtores.*

As organizacións, agrupacións e asociacións de produtores remitirán anualmente á autoridade competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social as informacións que se indican a continuación e nos prazos que se establecen:

1. Xunto coas súas solicitudes de axuda, os informes anuais relativos á execución dos programas operativos, así como a información sobre o seu seguimento e avaliación exixida polo artigo 127 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro. Remítanse, consonte os formatos electrónicos que se establezan, os indicadores pertinentes entre o conxunto de indicadores comúns de rendemento mencionados no artigo 126 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

2. Como máis tarde o 15 de abril, consonte os formatos electrónicos que se establezan, os datos necesarios para remitir á Comisión Europea a información anual prevista no anexo XIII do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

Cando unha organización de produtores non remita a información prevista, a autoridade competente poderá suspender a aprobación do programa operativo para o ano seguinte até que a comunicación se realice correctamente.

Artigo 19. *Coordinación entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para elaborar a información anual preceptiva.*

As comunidades autónomas remitirán anualmente ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, consonte os formatos establecidos e a través da aplicación informática, as informacións necesarias para formalizar as comunicacións que haxa que remitir á Comisión Europea en aplicación da regulamentación comunitaria. En particular, remitirase a información seguinte nos prazos que se establecen:

- a) A información remitida polas organizacións, agrupacións e asociacións de produtores de acordo co establecido no artigo 18.1. remitirase, como máis tarde, o 15 de xuño.
- b) A información exixida no anexo XIII do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, remitirase, como máis tarde, o 15 de xuño.

Disposición adicional única. *Recoñecemento de agrupacións de produtores de froitas e hortalizas na Comunidade Autónoma de Canarias.*

1. De acordo co disposto no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, a autoridade competente da Comunidade Autónoma de Canarias poderá recoñecer agrupacións de produtores de froitas e hortalizas a todas aquelas entidades que cumpran o disposto nos artigos 2 e 3 deste real decreto e cuxo ámbito de actuación estea limitado ao da Comunidade Autónoma de Canarias.

2. As entidades que desexen obter o recoñecemento como agrupación de produtores comunicarán a categoría ou categorías para as que desexan ser recoñecidas de acordo coa clasificación establecida no artigo 4 desta disposición, sempre que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Un mínimo de cinco socios produtores e un valor da produción comercializable reunida polos membros asociados no momento de solicitar o recoñecemento previo que sexa, ao menos, a metade do exixido ás organizacións de produtores e que se recolle no anexo II deste real decreto. Para os efectos da contabilización do número de socios, non se contabilizarán os membros non produtores.

O valor da produción comercializable xustificárase tal e como se detalla no artigo 5 deste real decreto.

b) Cumprir co establecido nos artigos 6 e 7 e no artigo 9 deste real decreto. Porén, para obter o recoñecemento como agrupación de produtores, a entidade non estará obrigada a dispor dos medios para levar a cabo as funcións recollidas na letra b) do artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

c) Un artigo socio dunha organización de produtores terá prohibido adherirse a unha agrupación de produtores durante un período dun ano tras abandonar a organización de produtores no que atinxe os produtos para os cales tal organización foi recoñecida.

d) A solicitude de recoñecemento deberá ir acompañada da documentación que se recolle no anexo V.

3. O contido, aprobación, execución e modificacións do Plan de Recoñecemento axustaranse ao seguinte:

a) O Plan de Recoñecemento deberá conter os seguintes aspectos:

1.º Duración do Plan, que non poderá ser superior a cinco anos.

2.º Memoria descriptiva da situación inicial en canto ao número de socios e facturación dos produtos incluídos na categoría para a que se solicita o recoñecemento, así como da produción, a comercialización e a infraestrutura inicial.

3.º Descrición dos obxectivos que se pretende obter anualmente, entre os cales se considerarán, ao menos, o cumprimento por parte da agrupación de produtores, dos seguintes aspectos, na medida en que non estivesen recollidos nos que se presentaron para recoñecemento previo:

O establecemento con carácter permanente entre os socios das obrigas recollidas nas letras a), c) e e) do número 2 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

O cumprimento das condicións de recoñecemento recollidas nas letras c) e d) do número 1 do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

O cumprimento dos mínimos de socios e valor de comercialización recollidos no anexo II.

4.º As accións que se desenvolverán anualmente para a obtención dos obxectivos dirixidos a alcanzar as condicións necesarias para obter o recoñecemento definitivo como organización de produtores segundo o artigo 4

do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

5.º Previsións orzamentarias ligadas á execución do Plan de Recoñecemento distribuídas por accións e por calendario de execución.

b) O Plan de Recoñecemento deberá ser aprobado pola autoridade competente, de acordo co artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro e, asemade, concederáselle o recoñecemento previo mediante a resolución correspondente.

c) Unha vez finalizado o período de doce meses desde a data de inicio do Plan de Recoñecemento, as agrupacións de produtores presentarán ante a autoridade competente o seu estado de execución, especificando os obxectivos alcanzados, as accións realizadas e os orzamentos utilizados.

d) As agrupacións de produtores poderán presentar, xunto coa información a que se refire o número 3 anterior, solicitudes de modificación dos plans de recoñecemento en todos ou algúns dos seus aspectos para a súa aplicación a partir do momento da súa aprobación, sempre que o resultado da modificación permita alcanzar os obxectivos sinalados no plan inicial e a obtención das condicións necesarias para obter o recoñecemento definitivo como organización de produtores segundo o artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro. Poderase solicitar, igualmente, unha modificación durante o ano en curso, cuxa aceptación será igualmente sometida ás condicións das modificacións de aplicación ao ano seguinte.

4. Mediante resolución previa da autoridade competente, o recoñecemento previo como agrupación de produtores declarárase extinguido nos seguintes casos:

a) Por cumprimento do Plan de Recoñecemento. Finalizada a execución do Plan de Recoñecemento, declarárase extinguido o recoñecemento previo e outorgárase o recoñecemento definitivo como organización de produtores en virtude do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, sempre e cando a entidade cumpra cos criterios mínimos establecidos nesta disposición. O prazo entre a execución do Plan de Recoñecemento e a concesión do recoñecemento definitivo como organización de produtores non poderá ser superior a catro meses. Tras a correspondente resolución favorable, a entidade inscribírase no Rexistro nacional como organización de produtores de froitas e hortalizas, causando baixa na sección de recoñecemento previo deste.

b) Por solicitude da entidade e tras a realización do control pertinente polas autoridades competentes para os efectos previstos no artigo 118 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

c) Cando se detecte o incumprimento dos criterios do recoñecemento, tal como se recolle no artigo 118 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, ou cando se presenten as circunstancias recollidas no seu artigo 117.

Disposición transitoria única. Adaptación das organizacións, agrupacións e asociacións recoñecidas.

1. As organizacións e agrupacións de produtores de froitas e hortalizas e as asociacións de organizacións de produtores recoñecidas en virtude do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo que se establece a organización común de mercados no sector das froitas e hortalizas, que non cumplan algunha das condicións establecidas no Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, no Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro e nesta disposición, deberán adaptar a elas antes do 31 de decembro de 2010. Para tal efecto, as entidades deberán remitir unha solicitude de adaptación á autoridade competente, acom-

pañada da documentación que acredite a súa adaptación, antes do 15 de xuño de 2010. A autoridade competente emitirá a correspondente resolución sobre o cumprimento por parte da entidade das condicións de recoñecemento como organización de produtores de acordo co Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

2. Aquelas entidades recoñecidas en virtude do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro, que non necesiten ningunha adaptación seguirán recoñecidas, de conformidade co artigo 55, número 2, do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

3. Considerarase que non cumpren cos criterios de recoñecemento aquelas entidades que, precisando adaptarse, non remiten á autoridade competente a xustificación de adaptación correspondente no prazo establecido. Neste caso, a autoridade competente retirará o recoñecemento a esas entidades con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2011, particularmente para os efectos do artigo 116, número 1, do Regulamento n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

4. As agrupacións de produtores ás que se lles concedese o recoñecemento previo de conformidade co Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro, seguirán gozando de tal recoñecemento ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro. Os plans de recoñecemento aceptados de conformidade co Regulamento (CE) 2200/96 seguiranse considerando aceptados ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro. Non obstante, os plans modificaranse en caso necesario de modo que a agrupación de produtores poida cumprir os requisitos para o seu recoñecemento como organización de produtores establecidos no Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, no Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, e nesta disposición, sen que, en ningún caso, a duración total do plan poida superar cinco anos desde a súa aceptación inicial.

De acordo co Regulamento (CE) n.º 1182/2007 e o Regulamento (CE) n.º 1580/2007, que o desenvolve, non se poderán crear agrupacións de produtores non previstas na disposición adicional única anterior.

Disposición derogatoria única. Disposicións derogadas.

Queda derogada a Orde do 30 de abril de 1997, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto 864/2008, do 23 de maio, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Suprímese a alínea b) do artigo 23.1 do Real decreto 864/2008, do 23 de maio, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. Aplicación e facultade de desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar as cantidades e datas recollidas ao longo desta disposición e, así mesmo, a modificar os seus anexos para os adaptar ás modificacións das normas comunitarias.

Disposición derradeira cuarta. *Organizacións de produtores recoñecidas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.*

Con data do 1 de xaneiro de 2009, o seguimento, retirada e control do recoñecemento das entidades que foron recoñecidas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño até a data de publicación deste real decreto, será asumida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde radique a sede social da entidade.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Categorías de organizacións de produtores

i) Froitas e hortalizas (inclúe todos os produtos recoñecidos no número 1 do artigo 47 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro).

A inclusión nesta categoría dos froitos de casca, os cogomelos, os cítricos, os produtos para transformación, as aromáticas e condimentos, a uva de mesa, o melón e a cebola será opcional.

ii) Froitas: albaricoque, cereixas, pexego, nectarinas, griñóns, ameixa, abruños, mazá, pera, marmelo, uva de mesa, melón, sandía, amorodo, papaia, figo, piña, aguacates, chirimoias, goiabas, mangos e mangostáns, kiwis, froitos de casca, cítricos e demais froitos frescos.

A inclusión nesta categoría dos froitos de casca, os cítricos, os produtos para transformación, a uva de mesa e o melón será opcional.

iii) Hortalizas: tomates, cebola, chalotas, allos, porros, col, coliflor, col rizada, colinabo, leituga, escarola, endivia, cenoria, nabo, remolacha de mesa, apio, nabos, rabos, cogombros, cogombrinos, brócoli, berenxena, cabaciña, espárragos, espinacas, cogomelos, legumes frescos e demais hortalizas frescas ou refrixeradas.

A inclusión nesta categoría dos cogomelos, os produtos para transformación e a cebola será opcional.

iv) Produtos destinados á transformación: legumes e hortalizas (cocidos, non cocidos, conservados, secos); figos secos, pasas, froitas (cocidas, non cocidas, conservadas), froitos secos (excepto amendoa, alfarroba, abelá, noz, pistacho, castaña e piñón); tonas de: cítricos, melóns, sandías, cereixas (conxeladas ou conservadas); pementos doces ou marróns secos; froitas (cocidas, sen cocer, conxeladas); tomates preparados ou conservados, cogomelos ou trufas (preparados ou conservados, non en vinagre ou ácido acético); os demais legumes e hortalizas (conservados e preparados, non en vinagre ou ácido acético); froitas, tonas de froitas (confeitadas, almibaradas, glaseadas ou cristalizadas), excepto plátanos confeitados con azucre; compotas, xeleas e marmeladas, purés e pasta de froitas; froitos e demais partes comestibles de plantas preparados e conservados doutra forma; zumes de froitas (excluído o zume de uva) e o zume de plátano ou de legumes e hortalizas sen fermentar e sen alcohol.

v) Cítricos: limón, laranxa, satsuma, clementina, outras mandarinas, pomelo e toranxas.

vi) Froitos de casca: amendoa, alfarroba, abelá, noz, pistacho, castaña e piñón.

vii) Cogomelos: fungos do xénero *Agaricus*, trufas e demais cogomelos e fungos frescos ou refrixerados.

viii) Aromáticas e condimentos: azafrán, tomiño, alfábega, abelleira, menta, ourego, romeu e salvia.

ix) Uva de mesa.

x) Melón.

xi) Cebola.

ANEXO II

Criterios de recoñecemento para as organizacións de produtores

Zonas	Categorías da i) á iii)		Categorías iv) e da vi) á xi)		Categoría v)			
	Número mínimo de produtores	Volume mínimo (M euros)	Número mínimo de produtores	Volume mínimo (M euros)	Opción A		Opción B	
					Número mínimo de produtores	Volume mínimo (M euros)	Número mínimo de produtores	Volume mínimo (Tm)
Todo o territorio español, excepto as Illes Balears, Canarias, Asturias, Galicia, Castilla y León e País Vasco.	Máis de 40. Entre 16 e 40. Entre 5 e 15.	1,5 2,5 3	5	0,25	5	3		
Illes Balears, Canarias, Galicia, Asturias, Castilla y León e País Vasco.	Máis de 15. Entre 5 e 15.	0,5 1	5	0,25	5	3		
Todo o territorio español, excepto Illes Balears.							25	2.500
Illes Balears.							25	1.200

As organizacións de produtores que supoñan o 15 por 100 da produción comercializable en relación coa produción media total da circunscrición económica en que estean establecidas, deberán reunir, como mínimo, 20 produtores para as organizacións de produtores das categorías i) a iii), e de cinco produtores para as categorías iv) e de vi) a xi) do mencionado artigo e, en todo caso, un valor mínimo da produción comercializable de 100.000 euros.

Ademais, para as organizacións do artigo 4, categoría v), opción B, deberase alcanzar un valor mínimo da produción comercializable de 100.000 euros.

ANEXO III

Documentación que de debe presentar xuntamente coa solicitude de recoñecemento como organización de produtores

1. Documento acreditativo da constitución da entidade, así como da súa forma xurídica e código de identificación fiscal.

2. Certificado da acta da asemblea xeral da entidade, ou da sección ou grupo de produtores, en caso de entidades con socios non produtores, ou da xunta xeral de accionistas no caso das sociedades mercantís, en que se toma o acordo de solicitar o recoñecemento como organización de produtores e do compromiso de someterse á normativa que regula estas organizacións, precisando a categoría ou categorías de produtos para os que se solicita o recoñecemento.

3. Estatutos de funcionamento visados polo organismo competente que deberán recoller, entre outros aspectos:

Os obxectivos sinalados nas letras b) e c) do número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

As obrigas a que se someten os produtores asociados e que, polo menos, serán as recollidas no número 2 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, e as referidas nos artigos 7 e 8 deste real decreto.

No caso en que a organización de produtores considere a posibilidade de autorizar os produtores asociados a realizar a comercialización por fóra da propia organización de produtores nos tres casos descritos no número 3 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, procedemento polo que se realizará tal autorización.

d) Procedemento polo que a organización de produtores establecerá os datos que con fins estatísticos poderá solicitar dos produtores asociados en cumprimento das obrigas recollidas na letra d) do número 2 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

e) Disposicións que aseguren o disposto no número 4 do artigo 3 do Regulamento n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

f) Compromiso de que se respectará a condición establecida polo artigo 28, parágrafo 2, do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

g) Compromiso de levar, a partir da data de recoñecemento, unha contabilidade específica para as actividades sometidas a recoñecemento.

h) En caso de que existan socios non produtores de produtos pertencentes ás categorías de recoñecemento ou produtores que non desexen participar na actividade da organización de produtores, e eses socios dispoñan de máis do 24 por cento dos votos na toma de decisións, a entidade deberá agrupar os produtores que vaian participar na actividade da organización, nunha sección ou grupo de produtores cuxo funcionamento quedará regulado nos estatutos correspondentes.

Os estatutos da entidade deberán recoller que as decisións relativas á solicitude de recoñecemento como organización de produtores, ao funcionamento e actuacións como organización de produtores, especialmente en canto á presentación e execución de programas operativos e de constitución de fondos operativos, serán directamente adoptadas pola asemblea da sección vinculada á organización de produtores.

4. Para os efectos de xustificar que o número de socios produtores de froitas e hortalizas e o valor da produción comercializable do conxunto dos socios, alcanza os mínimos recollidos no anexo II desta disposición:

a. Certificado do secretario da entidade, co visto e prace do presidente, en que se indique o número de socios produtores da entidade. Este número debe estar baseado nas acreditacións de titularidade de explotacións dos socios e das producións correspondentes ás categorías de recoñecemento. Estas acreditacións deben quedar en poder da entidade e á disposición da autoridade competente para a súa verificación.

b. Valor da produción comercializada, segundo o disposto no artigo 5 desta disposición e contabilizada esta segundo se especifica no artigo 52 e 53 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

5. Relación informatizada dos seguintes datos, de acordo cos formatos descritos no manual correspondente que se encontra na páxina da internet do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

Datos da entidade: CIF, nome, forma xurídica, enderezo, código postal, municipio segundo o INE, provincia, comunidade autónoma, Estado membro, teléfono, fax, correo electrónico, ámbito de actuación.

Datos dos socios: número de socio, NIF ou CIF, nome, Estado membro, data de alta, tipo de socio produtor ou non produtor, produtos para os que se encontra asociado na organización.

Datos dos efectivos produtivos dispoñibles no momento da solicitude do recoñecemento: Estado membro, comunidade autónoma, provincia, municipio, agregado, zona, polígono, parcela, recinto e a súa superficie (datos de acordo co SIXPAC). Indicarase tamén o subrecinto (termo empregado para indicar que no mesmo recinto pode haber varios cultivos de produtos diferentes nun momento determinado, xa sexa do mesmo produtor ou de distintos produtores) e a súa superficie, data de alta, colleita, produto, superficie de cultivo e produción estimada.

A produción de cada superficie cultivada obterase como se especifica nas letras a) ou b) do número 4 do artigo 5.

6. Certificado literal do acordo da asemblea xeral da entidade ou da sección ou grupo de produtores ou pola xunta xeral de accionistas, polo que se aproba o programa de actuación e o seu contido que, como mínimo, expresará as seguintes cuestións:

Regras de coñecemento da produción.

Regras de produción.

Regras de comercialización e forma de liquidación aos socios.

Regras de cultivo e xestión dos materiais usados respectuosos co ambiente.

7. Descrición da estrutura, medios e proposta económica da organización que permita avaliar as garantías de execución, duración e eficacia da súa acción e, en concreto:

Relación dos medios humanos e materiais dirixidos a lles dar aos seus membros a asistencia técnica necesaria para a aplicación de prácticas de cultivo respectuosas co ambiente.

Relación dos medios técnicos e humanos que se poñen á disposición dos seus membros para permitir a realización das accións previstas pola organización en materia de recepción, clasificación, almacenamento, acondicionamento e comercialización dos produtos e que garantan unha xestión comercial, contable e orzamentaria adecuada e un sistema de facturación.

No caso de que algunha ou algunhas das actividades que desenvolva a organización se vaian realizar mediante contratación con terceiros, deberanse presentar os contratos axustados ás condicións establecidas no número 3 do artigo 6 deste real decreto.

ANEXO IV

Documentación que se debe presentar xuntamente coa solicitude de recoñecemento como asociación de organizacións de produtores

1. Documento acreditativo de constitución da entidade, así como da súa forma xurídica e código de identificación fiscal.

2. Certificado da acta da asemblea xeral da entidade, ou da asemblea da sección ou grupo de organizacións asociadas, en caso de existencia de socios non recoñecidos como organizacións de produtores, ou da xunta xeral de accionistas, en caso de sociedades mercantís, en que se toma o acordo de solicitar o recoñecemento como asociación de organizacións de produtores de froitas e hortalizas para os efectos do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, e do compromiso de se someter á normativa que regula estas organizacións.

3. Estatutos de funcionamento visados polo organismo competente que deberán recoller, entre outros:

a) As actividades da entidade que consistirán en todas ou, polo menos, unha das citadas no artigo 14.

b) As obrigas a que se someten as organizacións asociadas, entre as que se encontrarán, polo menos, a pertenza a unha soa asociación das reguladas por esta disposición para unha determinada actividade ou actividades das recollidas na letra a) anterior e para un mesmo produto, e o tempo de permanencia na organización.

Neste sentido, recollerase entre as obrigas dos socios a de adhesión á asociación durante un mínimo de tres anos e a de comunicar por escrito, en caso de que se desexa causar baixa, a renuncia á calidade de membro. A asociación poderá establecer a data de aviso previo e a data de baixa efectiva, sempre que o prazo comprendido entre ambas non sexa superior a seis meses e con criterios xerais que eviten discriminacións entre asociados e entre produtos.

c) O procedemento de solicitude de altas e baixas e o réxime sancionador.

d) Regras para determinar o dereito de voto dos asociados:

En caso de que a asociación de organizacións de produtores adopte a forma xurídica de cooperativa ou SAT, o poder de decisión axustarase ás condicións previstas na normativa reguladora de tales formas xurídicas.

En caso de que a asociación de organizacións de produtores adopte outra forma xurídica, ningún socio poderá dispor de máis do 34 por cento do total dos dereitos de voto da organización. Esta limitación deberá constar no seu regulamento de réxime interno outorgado en escritura pública e previsto estatutariamente.

En aplicación do número 2 do artigo 36 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, no caso en que a asociación de organizacións de produtores dispoña de socios non recoñecidos como organizacións de produtores de froitas e hortalizas, estes non terán dereito ao voto para aquelas decisións que, de ser o caso, teñan incidencia na posible execución total ou parcial dos programas operativos das organizacións asociadas.

e) Levar, a partir da data de recoñecemento, unha contabilidade específica para as actividades sometidas a recoñecemento.

4. Programa de actuación, aprobado pola asemblea xeral da entidade ou pola da sección ou grupo de organizacións de produtores asociadas ou pola xunta xeral de accionistas. O programa de actuación das organizacións de produtores asociadas deberá estar adaptado ao correspondente da asociación, e non existirán contradicións entre o programa de actuación da asociación e o correspondente ás organizacións de produtores de base.

5. Descrición da estrutura, medios, organización e proposta económica da asociación que permita avaliar as garantías de execución, duración e eficacia da súa acción.

6. Relación das organizacións de produtores asociadas, indicando a data de adhesión á asociación de cada unha delas e a información actualizada das superficies totais do conxunto das explotacións de cada unha das que estean integradas en tal asociación, distribuídas por comunidades autónomas.

ANEXO V

Documentación que se debe presentar xuntamente coa solicitude de recoñecemento como agrupación de produtores

1. Documento acreditativo da constitución da entidade, así como da súa forma xurídica e código de identificación fiscal.

2. Certificado da acta da asemblea xeral da entidade, ou da sección ou grupo de produtores no caso de entidades con socios non produtores, ou da xunta xeral de accionistas no caso das sociedades mercantís, en que se toma o acordo de solicitar o recoñecemento previo como agrupación de produtores e do compromiso de se someter á normativa que regula estas agrupacións, precisando a categoría ou categorías de produtos para os que se solicita o recoñecemento.

3. Estatutos de funcionamento visados polo organismo competente que deberán recoller, entre outros aspectos:

a) Os obxectivos sinalados nas letras b) e c) do número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

b) As obrigas a que se someten os produtores asociados e que, polo menos, serán as recollidas nas letras b) e d) do número 2 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, relativas á pertenza a unha soa agrupación por cada produto e á subministración dos datos que para fins estatísticos solicite a agrupación de produtores relacionados principalmente coas superficies, as colleitas, os rendementos e as vendas directas, así como as referidas no número 1 do artigo 7 deste real decreto.

c) Procedemento polo que a agrupación de produtores poderá, de ser o caso, autorizar os produtores asociados a realizar a comercialización por fóra da propia agrupación de produtores nos tres casos descritos no número 3 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

d) Procedemento polo que a agrupación de produtores establecerá os datos que con fins estatísticos poderá solicitar dos produtores asociados en cumprimento das obrigas recollidas na letra d) do número 2 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

e) Disposicións que aseguren o disposto no número 4 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro.

f) Compromiso de que se respectará a condición establecida polo artigo 43 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

g) Compromiso de levar, a partir da data de recoñecemento, unha contabilidade específica para as actividades sometidas a recoñecemento.

h) En caso de socios non produtores, a organización por seccións ou grupos de produtores e o recollido nos números 2 e 3 do artigo 3 desta disposición.

4. Xustificación de que o número mínimo de produtores é polo menos de cinco e de que o valor da produción comercializable do conxunto dos socios no momento de pedir o recoñecemento previo é, polo menos, a metade do exixido ás organizacións de produtores e que se recolle no anexo II desta disposición.

5. Relación informatizada dos seguintes datos, de acordo cos formatos descritos no manual correspondente que se encontra na páxina da internet do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

Datos da entidade: CIF, nome, forma xurídica, enderezo, código postal, municipio segundo o INE, provincia, comunidade autónoma, Estado membro, teléfono, fax, correo electrónico, ámbito de actuación.

Datos dos socios: número de socio, NIF ou CIF, nome, Estado membro, data de alta, tipo de socio produtor ou non produtor, produtos para os que se encontra asociado na organización.

Datos dos efectivos produtivos: Estado membro, comunidade autónoma, provincia, municipio, agregado, zona, polígono, parcela, recinto e a súa superficie (datos de acordo co SIXPAC). Indicarase tamén o subrecinto (termo empregado para indicar que no mesmo recinto pode haber varios cultivos de produtos diferentes nun momento determinado, xa sexa do mesmo produtor ou de distintos produtores) e a súa superficie, data de alta, colleita, produto, superficie de cultivo e produción estimada.

A produción de cada superficie cultivada obtérase como se especifica nas letras a) ou b) do número 4 do artigo 5.

6. Programa de actuación, aprobado pola asemblea xeral da entidade ou da sección ou grupo de produtores ou pola xunta xeral de accionistas, que conterá, como mínimo, as seguintes cuestións:

Regras de coñecemento da produción.

Regras de produción.

Regras de comercialización e forma de liquidación aos socios.

Regras de cultivo e xestión dos materiais usados respectuosos co ambiente.

7. Un Plan de Recoñecemento que comprenderá, polo menos, os elementos sinalados no número 3 da disposición adicional única deste real decreto.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19350 *REAL DECRETO 1918/2008, do 21 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.* («BOE» 289, do 1-12-2008.)

O Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, ten como finalidade permitir dar plena efectividade á acción protectora dispensada ás familias numerosas no ámbito da Administración xeral do Estado.

De acordo coa sentenza ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, o día 19 de febreiro de 2008 (BOE número 187, do 4 de agosto de 2008), pola que se estima parcialmente o recurso interposto contra algunhas das disposicións do citado regulamento, e que se refire á anulación da imposibilidade de acumular descontos en materia de transporte por estrada e ferrocarril, así como á eliminación de que se limiten as axudas para libros e material didáctico a alumnos matriculados en

centros sostidos con fondos públicos, foron declarados nulos o inciso final do artigo 7.2, o número 2 do artigo 10 e o número 3 do artigo 11. Por iso, procédese a dar nova redacción ao número 3 do artigo 11, ocasión que se aproveita tamén para reaxustar a numeración e consolidar o texto, resultante da sentenza, dos artigos 7 e 10.

Na tramitación do proxecto emitiu informe o Ministerio de Administracións Públicas, requisito previsto no artigo 24.3 da Lei do Goberno.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Educación, Política Social e Deporte e de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2008,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.*

Modifícase o artigo 11.3 e reaxústase o texto dos artigos 7.2 e 10 do Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, que quedan redactados como segue a continuación:

Un. O número 2 do artigo 7 queda redactado como segue:

«2. Nas convocatorias de axudas para a adquisición de libros e material didáctico nos niveis obrigatorios do ensino, establecerase un trato preferente para a súa adxudicación a alumnos integrantes de familias numerosas.»

Dous. No número 1 do artigo 10 suprímese a numeración, quedando ese artigo só cunha única alínea, cuxo texto é o mesmo que tiña con anterioridade:

«Os membros de familias numerosas que teñan recoñecida esta condición e o acrediten oficialmente terán dereito a reducións nos prezos dos servizos regulares permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada. As reducións serán do 20 e 50 por 100, segundo se trate de familias das categorías xeral ou especial.»

Tres. O número 3 do artigo 11 sobre bonificacións pola utilización de transporte por ferrocarril, queda redactado como segue:

«3. Para os efectos anteriores, o Ministerio de Fomento establecerá o procedemento que deberán aplicar as empresas ferroviarias afectadas polo disposto neste artigo para efectuar as bonificacións anteriormente citadas e a súa posterior liquidación e control pola Dirección Xeral de Ferrocarrís.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ